

A Unión Europea pretende promover a divulgación do traballo dos científicos, para o cal puxo en marcha unha iniciativa que chega este ano á súa sexta edición; a Administración estatal e a autonómica, xunto con outras institucións públicas ou privadas, colaboran na organización


A UNIVERSIDADE DA CORUÑA FESTEXA A SEMANA DA CIENCIA

S.J.L. • Santiago

A Semana da Ciencia é unha iniciativa que promove a Unión Europea, e que basicamente pretende achegar a ciencia ó público de todas as idades, estimulando o gusto e mais a curiosidade polo saber científico, e incentivando a participación dos cidadáns en cuestións científicas mediante a realización de diversas actividades de divulgación en museos, universidades, centros de investigación ou parques tecnolóxicos, entre outras institucións.

Nesta sexta edición, que se entenderá ata finais do mes de novembro, están previstas a nivel de España máis de 2.000 actividades que inclúen conferencias, xornadas de portas abertas, exposicións, talleres ou percorridos por lugares con interese científico. A iniciativa conta co patrocinio do Ministerio de Educación e Ciencia, en colaboración coas institucións correspondentes das comunidades autónomas, e na súa organización colaboran ademais un total de 720 entidades públicas e privadas.

No caso particular da nosa comunidade, a Consellería de Innovación e Industria preparou máis de cen actividades, que foron presentadas a semana pasada en Santiago por Salustiano Mato,



Abrir os laboratorios ó gran público é un dos mellores xeitos de achegarlle á sociedade a innovación científica

ciencia ó plano da vida cotiá: neste sentido, este ano a Universidade da Coruña dispuxo unha ampla e variada programación.

Por exemplo, a Facultade de Ciencias acolle durante estas es-

homenaxe ó mundo rural coa actividade *Circuíto xurídico: Dereito e Ciencia no mundo rural*, que pretende achegar a ciencia xurídica a aqueles sectores de Galicia que pola súa situación non se atopan próximos ás universidades.

En cada localidade do programa realizarase unha xornada temática, con coloquios nos que participarán profesores e investigadores da facultade. Ademais, o circuíto contará cun autobús-aula, que permanecerá ó longo do día estacionado no concello, no que se difundirán as actividades do centro, se exporá unha mostra de libros e revistas, e se repartirá material divulgativo. Igualmente realizaranse enquisas entre os

veciños para que dean a súa opinión sobre os temas xurídicos que máis interese poidan espertar no mundo rural. Baiona, Barreiros, Betanzos, Cedeira, Cee, Negreira e Vilalba serán os municipios beneficiados por esta iniciativa itinerante da Facultade de Dereito da universidade coruñesa.

En canto á Facultade de Ciencias da Saúde prosegue co ciclo de *café científico* sobre neurociencia, organizado polo grupo de investigación Neurocom, Unidade de Neurociencia e Control Motor da Universidade da Coruña, co obxectivo de acercar a neuroloxía ó gran público dun xeito ameno.

Trátase dunha serie de reunións nas que participan os

investigadores Casto Rivadulla e Xurxo Mariño, xunto con diversos actores, expoñendo de forma moi amena os últimos descubrimentos na materia.

O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (Citeec) tamén participa na Semana da Ciencia: o mércores 14

O AUTOBÚS-AULA DO 'CIRCUÍTO XURÍDICO' PRETENDE ACHEGAR O MUNDO DO DEREITO Ó ÁMBITO DO RURAL

de novembro, o centro celebrará unha xornada de portas abertas na que ofrecerá unha visita guiada ó alumnado de centros educativos da cidade da Coruña polos seus laboratorios.

Ademais, o Citeec organizou un concurso de fotografías sobre o tema *A investigación en Enxeñaría Civil e as obras civís ou edificacións con elementos singulares que tivesen un estudo científico ou tecnolóxico*, que ten aberto o prazo de recepción de imaxes ata o domingo 18 de novembro. As bases deste certame pódense consultar na páxina web habilitada en www.udc.es/citeec.

Finalmente, o Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) organiza tamén unha xornada de portas abertas, o vindeiro venres 23 de novembro. Nese día recibirá a visita de alumnos de bacharelato e últimos cursos de ciclos formativos para darlles unha explicación das liñas de investigación dos diferentes grupos do CIT e sobre algúns aspectos da investigación aplicada que se desenvolve na Universidade da Coruña, desde un punto de vista pedagóxico e de divulgación científica. ●

A FACULTADE DE CIENCIAS OFRECE VISITAS GUIADAS NAS CALES LLES AMOSA ÓS ALUMNOS DE SECUNDARIA OS SEUS LABORATORIOS

director xeral de Investigación e Desenvolvemento. E como as universidades galegas son un referente no relativo á ciencia e á investigación, xogan un papel moi importante nesta aposta por levar a

manas, polas mañás, visitas guiadas de centros de Secundaria para amosar os seus laboratorios e dependencias de investigación.

Pola súa banda, a Facultade de Dereito renderálle unha pequena